



# MOI BOAS!!!

Despois da clase virtual de naturais e descansar uns minutos, toca seguir con sociais antes do recreo 😊

Ben, imos corrixir o exercicios dos tipos das fontes históricas. Esta vez non hai vídeo porque pensó que non era necesaria moita explicación. Polo tanto, tedes que ler o que está aquí debaixo:

Imaxe 1. Fonte gráfica ( a rapaza está a facer una fotografía)

Imaxe 2. Fonte escrita (ben sinxelo, non? É un libro)

Imaxe 3. Fonte material (é un obxecto, una moeda)

Imaxe 4. Fonte material (é un óso)

Imaxe 5. Fonte oral (un avó cantando)

Na seguinte folia, seguimos aprendendo...



Imos ver o seguinte vídeo. Logo teredes que escribir un pouco para que quede no caderno a modo de resumo. 😊

<https://www.youtube.com/watch?v=6E8Gx9MvGuE&t=200s>

## AS IDADES DA HISTORIA DA HUMANIDADE

Segundo Charles Darwin (estudoso da evolución do home), a orixe da humanidade procede dos monos que foron evolucionando ata chegar a ser homes primitivos ou coñecidos tamén como prehistóricos.

A Historia da humanidade é estudada polos **historiadores** (persoas encargadas de analizar e estudar os feitos históricos do ser humano) a través das fontes históricas. Eles decidiron dividir a Historia en 5 etapas principais para unha mellor comprensión:

**PREHISTORIA.** Período de tempo desde a orixe do home ata a aparición da escritura.

**IDADE ANTIGA.** Período das primeiras civilizacións: Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma.

**IDADE MEDIA.** Período moi longo no que houbo un gran desenvolvemento comercial e cultural que rematou co descubrimento de América con Cristovo Colón. É a época dos castelos e cabaleiros.

**IDADE MODERNA.** Período de progreso na sociedade, na cultura (arte) e na ciencia. Época de grandes inventos como o microscopio, o termómetro ou o piano, entre outros.

**IDADE CONTEMPORÁNEA.** Período actual da Historia. Feitos importantes como a revolución francesa (cambios políticos e sociais) e a revolución industrial (máquina de vapor). Tamén etapa da comunicación

(podedes facelo con cadros ou simplemente subliñar cada idade)